

CONVOCATORIA	Proceso selectivo convocado para cubrir con funcionario/a interino/a sen praza un posto de auxiliar administrativo/a codificador/a de datos para a execución do programa de carácter temporal “III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas”
PRAZA/POSTO	1569 - Auxiliar administrativo/a codificador/a de datos
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO -TEST
DATA	22/04/2026

1. Segundo establece o artigo 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime local, entre as competencias que o Pleno da Deputación non pode delegar atópase:

- a) O plantexamento de conflitos de competencias a outras Entidades Locais e demais Administracións Públicas
- b) A aprobación dos proxectos de obra e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos Orzamentos
- c) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e á defensa da Corporación en materias de competencia plenaria
- d) A declaración de lesividade dos actos da Deputación

2. Establece o artigo 59.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que unha vez finalizado o mandato dos membros da Deputación, os membros das Corporacións cesantes continuarán as súas funcións:

- a) Podendo adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada
- b) Soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores
- c) Para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores e para a adopción de acordos que esixan maioría cualificada
- d) Ningunha é correcta

3. De conformidade co artigo 35.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime local, a Xunta de Goberno da Deputación intégrase por:

- a) En todo caso, pola metade máis un do número legal de Deputados
- b) Como máximo, pola metade máis un do número legal de Deputados
- c) Un número de Deputados non superior ao tercio do número legal dos mesmos
- d) Un número de Deputados non superior ós dous quintos do número legal de Deputados



4. De conformidade co artigo 16 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, dentro das modalidades da carreira profesional dun funcionario de carreira están:

- a) Carreira de cualificación profesional
- b) Carreira progresiva
- c) Promoción interna vertical
- d) Carreira interna horizontal

5. Segundo o artigo 15 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, dos seguintes dereitos dos empregados públicos indique os que se exercen de forma colectiva:

- a) Liberdade sindical e libre asociación profesional
- b) Liberdade sindical e exercicio da folga
- c) Folga e protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo
- d) Liberdade sindical e prevención de riscos laborais

6. Segundo o artigo 7.1 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais de un menor de idade unicamente poderán fundarse no seu consentimento cando sexa maior de:

- a) Doce anos
- b) Dezaioito anos
- c) Dezaseis anos
- d) Catorce anos

7. De acordo co art. 37 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Non son nulas as resolucións administrativas que vulneren o establecido nunha disposición regulamentaria, así como aquelas que incorran nalgunha das causas recollidas no artigo 47
- b) Son nulas as resolucións administrativas que vulneren o establecido nunha disposición regulamentaria, así como aquelas que incorran nalgunha das causas recollidas no artigo 47
- c) Son anulables as resolucións administrativas que vulneren o establecido nunha disposición regulamentaria, así como aquelas que incorran nalgunha das causas recollidas no artigo 47



d) Non son anulables as resolucións administrativas que vulneren o establecido nunha disposición regulamentaria, así como aquelas que incorran nalgunha das causas recollidas no artigo 47

8. De acordo co art. 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en ningún caso, realizarase a notificación por medios electrónicos:

- a) Aquelas nas que o acto a notificar vaia acompañado de elementos que sexan susceptibles de conversión en formato electrónico
- b) a) e c) son correctas
- c) As que fosen expresamente así solicitadas polo interesado
- d) As que conteñan medios de pago a favor dos obrigados tales, como cheque

9. De acordo co art. 38 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo:

- a) Serán executivos con arranxo ao disposto nesta Lei
- b) Serán potestativos con arranxo ao disposto nesta Lei
- c) Serán executivos con arranxo ao disposto no ordenamento xurídico
- d) Serán executivos con arranxo ao disposto na Constitución e nesta Lei

10. De acordo co art. 56 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que medidas provisionais poderán acordarse (SINALAR A INCORRECTA):

- a) Suspensión temporal de actividades
- b) O depósito, retención ou inmovilizado de cousa moble
- c) A retención de ingresos a conta que deban abonar as Administracións Públicas
- d) Suspensión definitiva de actividades

11. De acordo co art. 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) As solicitudes que se formulen deberán conter: nome, apelidos e nacionalidade
- b) Os solicitantes poderán acompañar os elementos que estimen convenientes para precisar ou completar os datos do modelo, os cales poderán ser ou non admitidos e tidos en conta polo órgano ao que se dirixan



c) Cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, estes serán de uso obrigatorio polos interesados

d) Todas son incorrectas

12. De acordo co establecido no capítulo V da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, indique cal das seguintes afirmacións sobre a finalización do procedemento, é correcta:

a) A resolución, o desistimento, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade porán fin ao procedemento

b) Tamén producirá a terminación do procedemento a imposibilidade inmaterial de continualo por causas sobrevindas. A resolución que se dite poderá ser motivada en todo caso

c) Iniciado un procedemento sancionador, se o infractor non recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda

d) Nos casos de procedementos de responsabilidade patrimonial, o acordo alcanzado entre as partes deberá fixar a contía e modo de indemnización de acordo cos criterios que para calculala e abonala establece o artigo 45 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público

13. De acordo co artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, relativo á estrutura dos estados de ingresos e gastos:

a) A aplicación orzamentaria cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario virá definida, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de área de gasto e concepto ou subconcepto respectivamente

b) A aplicación orzamentaria cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario virá definida, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupo de programa ou programa e artigo respectivamente

c) A aplicación orzamentaria cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario virá definida, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupo de política de gasto e concepto ou subconcepto respectivamente

d) A aplicación orzamentaria cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario virá definida, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupo de programa ou programa e concepto ou subconcepto respectivamente



14. De acordo co artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, relativo á estrutura dos estados de ingresos e gastos:

- a) En todo caso, os niveis de artigo e concepto haberán de ser os mesmos que os establecidos para a Administración do Estado
- b) En todo caso, os niveis de capítulo e artigo haberán de ser os mesmos que os establecidos para a Administración do Estado
- c) En todo caso, os niveis de capítulo e concepto haberán de ser os mesmos que os establecidos para a Administración do Estado
- d) En todo caso, os niveis de concepto e subconcepto haberán de ser os mesmos que os establecidos para a Administración do Estado

15. De acordo co artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, relativo ao procedemento de elaboración e aprobación inicial do orzamento:

- a) O orzamento da Entidade Local será formado pola Intervención
- b) O orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral será remitido á Entidade Local da que dependan antes do 1 de setembro de cada ano
- c) O orzamento remitirase ao Pleno da corporación antes do día 1 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución
- d) O acordo de aprobación, que será único, haberá de detallar os orzamentos que integran o orzamento xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente

16. De acordo co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, relativo á publicidade, aprobación definitiva e entrada en vigor do orzamento:

- a) O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o prazo de 15 días non se tivesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo de 15 días para resolvelas
- b) O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o prazo dun mes non se tivesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas
- c) O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o prazo de 15 días non se tivesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo de 20 días para resolvelas
- d) O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o prazo de 15 días non se tivesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas



17. Segundo o artigo 4 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación:

- a) A obrigación de expedir factura poderá ser cumprida mediante a expedición de factura simplificada e copia desta cando o seu importe non exceda de 400 euros, Imposto sobre o Valor Engadido excluído
- b) A obrigación de expedir factura poderá ser cumprida mediante a expedición de factura simplificada e copia desta cando deba expedirse unha factura rectificativa
- c) Os empresarios ou profesionais poderán igualmente expedir factura simplificada e copia desta cando o seu importe non exceda de 3 .000 euros, Imposto sobre o Valor Engadido excluído, en operacións de vendas polo miúdo
- d) Os empresarios ou profesionais poderán igualmente expedir factura simplificada e copia desta cando o seu importe non exceda de 3 .000 euros, Imposto sobre o Valor Engadido excluído, en operacións de utilización de instalacións deportivas

18. Segundo o artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, relativo ao contido da factura (SINALAR A INCORRECTA):

- a) Toda factura e as súas copias conterán número e, no seu caso, serie
- b) Toda factura e as súas copias conterán a data da súa expedición
- c) Toda factura e as súas copias conterán nome e apelidos, razón ou denominación social completa unicamente do obrigado a expedir factura
- d) Toda factura e as súas copias conterán domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións

19. O artigo 3.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, respecto ao ámbito de aplicación subxectivo, establece que:

- a) Deberán así mesmo axustarse a esta lei as subvencións outorgadas polos organismos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera das Administracións públicas na medida que as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas
- b) Deberán así mesmo axustarse a esta lei as subvencións outorgadas polos organismos e demais entidades de dereito público ou privado con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera das Administracións públicas na medida que as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas
- c) Deberán así mesmo axustarse a esta lei as subvencións outorgadas polos organismos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera das Administracións



públicas na medida que as subvencións que outorguen sexan consecuencia directa das instrucións do órgano concedente

d) Deberán así mesmo axustarse a esta lei as subvencións outorgadas polos organismos e demais entidades de dereito público ou privado con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera das Administracións públicas na medida que as subvencións que outorguen sexan consecuencia directa das instrucións do órgano concedente

20. De acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións

b) En todo caso, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública

c) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal ou regulamentario, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa

d) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de carácter regulamentario, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa

21. De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán:

a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención. Na petición farase constar, no seu caso, o carácter determinante daqueles informes que sexan preceptivos. O prazo para a súa emisión será de 15 días, salvo que o órgano instrutor, atendendo as características do informe solicitado ou do propio procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que neste último caso poida exceder de dous meses

b) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención. Na petición farase constar, no seu caso, o carácter determinante daqueles informes que sexan preceptivos. O prazo para a súa emisión será de 10 días, salvo que o órgano instrutor, atendendo as características do informe solicitado ou do propio procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que neste último caso poida exceder de tres meses

c) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención. Na petición farase constar,



no seu caso, o carácter determinante daqueles informes que sexan preceptivos. O prazo para a súa emisión será de 10 días, salvo que o órgano instrutor, atendendo as características do informe solicitado ou do propio procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que neste último caso poida exceder de dous meses

d) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención. Na petición farase constar, no seu caso, o carácter determinante daqueles informes que sexan preceptivos. O prazo para a súa emisión será de 15 días, salvo que o órgano instrutor, atendendo as características do informe solicitado ou do propio procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que neste último caso poida exceder de tres meses

22. Segundo o artigo 25.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

a) O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de nove meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea

b) O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea

c) O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de oito meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea

d) O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de cinco meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea

23. De acordo co artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, cal das seguintes non é unha causa de reintegro da subvención:

a) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 desta lei, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais

b) Incumprimento da obrigación de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 desta lei



- c) Obtención da subvención sen falsear as condicións requiridas para iso e sen ocultar aquelas que o tivesen impedido
- d) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención

24. O artigo 49.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, respecto ao procedemento de control financeiro de subvencións, establece que:

- a) As actuacións de control financeiro sobre beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras, deberán concluír no prazo máximo de 6 meses contados desde a data de notificación a aqueles do inicio das mesmas
- b) As actuacións de control financeiro sobre beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras, deberán concluír no prazo máximo de 9 meses contados desde a data de notificación a aqueles do inicio das mesmas
- c) As actuacións de control financeiro sobre beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras, deberán concluír no prazo máximo de 8 meses contados desde a data de notificación a aqueles do inicio das mesmas
- d) As actuacións de control financeiro sobre beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras, deberán concluír no prazo máximo de 12 meses contados desde a data de notificación a aqueles do inicio das mesmas

25. Segundo se establece no artigo 7.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO nº 250, do 27 de decembro de 2024; non será necesario elaborar o plan estratéxico naquelas subvencións cuxos obxectivos son colaborar no financiamento de entidades de carácter social, cultural ou deportivo, para que poidan seguir realizando as súas actividades. Así mesmo, non será necesario facelo nos plans ou programas de axudas que non acaden a cifra anual de

- a) 500.000,00 euros, nin no caso dos plans de cooperación e axudas ós concellos
- b) 1.000.000,00 de euros, nin no caso dos plans de cooperación e axudas ós concellos
- c) 1.500.000,00 euros, nin no caso dos plans de cooperación e axudas ós concellos
- d) 2.000.000,00 euros, nin no caso dos plans de cooperación e axudas ós concellos

26. Segundo se establece no artigo 10.8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO nº 250, do 27 de decembro de 2024; en todo caso, a presentación da declaración responsable substituirá á presentación das



certificacións previstas nos apartados anteriores nos seguintes casos:

- a) Aquelas nas que a contía para outorgar a cada persoa beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros
- b) Aquelas nas que a contía para outorgar a cada persoa beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 6.000 euros
- c) Aquelas nas que a contía para outorgar a cada persoa beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 12.000 euros
- d) Aquelas nas que a contía para outorgar a cada persoa beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 15.000 euros

27. Segundo se establece no artigo 11.1 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO nº 250, do 27 de decembro de 2024; as persoas ou entidades beneficiarias deben pagar aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, debendo realizar o pagamento no prazo máximo de:

- a) Quince días desde que se produza este cobro
- b) Un mes desde que se produza este cobro
- c) Dous meses desde que se produza este cobro
- d) Tres meses desde que se produza este cobro

28. Segundo se establece no artigo 15.6 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO nº 250, do 27 de decembro de 2024; en relación ao prazo e forma de xustificación da realización da finalidade subvencionada e da aplicación dos fondos; este prazo non poderá ser superior a:

- a) Un mes dende a finalización do prazo de realización ou execución da finalidade obxecto de axuda
- b) Dous meses dende a finalización do prazo de realización ou execución da finalidade obxecto de axuda.
- c) Tres meses dende a finalización do prazo de realización ou execución da finalidade obxecto de axuda
- d) Seis meses dende a finalización do prazo de realización ou execución da finalidade obxecto de axuda

29. Segundo se establece no artigo 25.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO nº 250, do 27 de decembro de 2024; se a persoa beneficiaria non cumpriu a obriga de dar publicidade do financiamento provincial da finalidade subvencionada concederase un prazo improrrogable de:



- a) Cinco días para que o faga
- b) Dez días para que o faga
- c) Quince días para que o faga
- d) Vinte días para que o faga

30. Segundo se establece na Base Primeira das reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, publicado no BOPPO nº 189, do 3 de outubro do 2025, nos investimentos de obras, o importe mínimo do orzamento e de cada solicitude de subvención será igual ou superior a:

- a) 20.000,00 €, incluído o IVE
- b) 20.000,00 €, excluído o IVE
- c) 30.000,00 €, incluído o IVE
- d) 30.000,00 €, excluído o IVE

PREGUNTAS DE RESERVA

31. Segundo o artigo 3 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, non existirá obrigación de expedir facturas nas seguintes operacións:

- a) As entregas de inmobles suxeitas e non exentas ao IVE
- b) As operacións exentas do IVE de acordo con artigo 20.Uno.2º da Lei do Imposto
- c) As realizadas por empresarios ou profesionais no desenvolvemento de actividades ás que sexa de aplicación o réxime especial da recarga de equivalencia
- d) As transmisións de activos fixos a que se refire o artigo 123.Un.B).3.º da Lei do Imposto

32. De acordo co art. 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que transcorran 10 días do acceso ao seu contido
- b) As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido
- c) As notificacións por medios electrónicos non se entenderán practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido
- d) As notificacións por medios electrónicos nunca se entenderán practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido



33. Conforme ó disposto no artigo 77 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as sesións do Pleno poden ser:

- a) Ordinarias, extraordinarias e simples
- b) Ordinarias, ordinarias de carácter urxente e simples
- c) Ordinarias, quincenais ou mensuais
- d) Ordinarias, extraordinarias e extraordinarias de carácter urxente

34. A falta de previsión das bases reguladoras do procedemento, cal é o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención concedida segundo o artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

- a) Tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade
- b) Seis meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade.
- c) Nove meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade.
- d) Oito meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade

35. Segundo se establece no artigo 19.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO nº 250, do 27 de decembro de 2024; en relación á petición de informes o prazo de emisión será de:

- a) 15 días
- b) 15 días, salvo que se autorice un maior
- c) 10 días
- d) 10 días, salvo que se autorice un maior



CONVOCATORIA	Proceso selectivo convocado para cubrir con funcionario/a interino/a sen praza un posto de auxiliar administrativo/a codificador/a de datos para a execución do programa de carácter temporal “III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas”
PRAZA/POSTO	1569 - Auxiliar administrativo/a codificador/a de datos
TIPO	PLANTILLA DE RESPUESTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)
DATA	22/04/2026

Nº	Resposta	Nº	Resposta	Nº	Resposta
1	A	16	D	31	C (Reserva)
2	B	17	B	32	B (Reserva)
3	C	18	C	33	D (Reserva)
4	C	19	A	34	A (Reserva)
5	B	20	A	35	D (Reserva)
6	D	21	C		
7	B	22	B		
8	D	23	C		
9	A	24	D		
10	D	25	B		
11	C	26	A		
12	A	27	B		
13	D	28	C		
14	B	29	C		
15	D	30	A		

De conformidade co disposto na base xeral décimo sexta, as puntuacións obtidas no exercicio tipo test publicaranse na Sede electrónica da Deputación.

As persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da plantilla coas respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través do formulario “Alegacións” dispoñible no seguinte enlace <https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos>

Na data da sinatura electrónica

